



DA GUARDA A CAMPOSANCOS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 10 km

Dificultade: baixa

Duración: 4 hora



A Guarda, un magnífico exemplo de vila mariñeira co máximo aproveitamento do espazo e as cores chamativas nas vivendas.



Coido na costa da Guarda.

Camiño de complementarios e contrastes entre a costa exposta á forza do mar e o vento na que as rochas son as protagonistas e a calma do esteiro onde o río Miño, antes de saír ao mar, deposita grandes cantidades de sedimentos cos que formou os extensos areais ao abrigo do monte e dos piñeiros. Unha área na que podemos atopar ecosistemas e hábitats moi diferentes dun alto valor ecolóxico: esteiro, xunqueiras, praias, dunas, piñeirais e rochedos.

Parte deste espazo está incluído na área protexida como LIC e ZEPA “Baixo Miño”.

COMO CHEGAR:

Comezamos a camiñada no porto da Guarda polo camiño acondicionado que sae cara ao sur pola beira do mar e seguímolo a todo o longo do seu percorrido que logo continúa por unha pasarela de madeira ata a praia do Muíño e desde aí, xa por camiño de terra, seguimos a ruta ata a Pasaxe (uns 6,5 km). Desde a Pasaxe volvemos á Guarda pola estrada para completar a ruta e a volta ao monte do Tegra (10 km aproximadamente). Desde a Guarda á punta do Tegra camiñamos á beira das rochas e os coidos, se a marea está baixa podemos achegarnos á rompente para coñecer as numerosas formas de vida que se asentan nas rochas ou que bulen nas pozas. Desde a punta do Tegra á Pasaxe percorrерemos os extensos areais do Muíño e a Lamiña e, pasada a Armona, os lameiros nos que, sobre todo e en maior número no inverno, se alimentan e descansan gran cantidade de aves acuáticas. De volta na Guarda podemos visitar a vila e seguir pola costa ata a área recreativa da punta Fedorento (3 km máis, ida e volta).

Podemos completar a viaxe cunha subida ao Tegra para contemplar as vistas panorámicas do espazo percorrido e visitar o castro e o museo.



Unha das moitas rochas traballadas pola erosión.



Vista desde a punta do Tegra co monte e a praia do Muíño.



Punta do Tegra e castelo da Ínsua na desembocadura do Miño.



Granitos e neis nos cantís da Guarda



Lameiras de Camposancos.



Praia de Lamiña



Algas a secar



Lapas



Gabita (*Haematopus ostralegus*).



Matricaria maritima



Chuponas (*Anemonia sulcata*)
nunha poza.



O Tegra e a desembocadura do Miño desde Caminha.